

BASES DO I CONCURSO DE POSTAIS NADAL EN GALEGO

1. Poderán participar todos os nenos e nenas que estean a cursar educación infantil, primaria ou secundaria.
2. Todos as postais terán como tema o Nadal en galego.
3. Presentarase unha soa obra orixinal de deseño gráfico que inclúa unha felicitación en galego
4. Cada participante garantirá a veracidade da autoría da postal presentada.
5. Pola parte de atrás da postal, deberá aparecer o nome e apelidos así como o enderezo e un número de teléfono de contacto.
6. Para a súa confección poderase usar calquera técnica.
7. Establécense tres categorías:
Categoría 1: alumnado de infantil
Categoría 2: alumnado de primaria
Categoría 3: alumnado de secundaria
8. Os/as gañadores/as de cada categoría recibirán un agasallo acorde coa súa idade e relacionado coas artes gráficas.
9. As postais participantes quedarán en poder do Concello da Baña, serán utilizadas para felicitar o Nadal 2019 e poderán ser reproducidas ou expostas no tempo e no modo que se consideren oportuno.
10. Os orixinais entregaranse no CPI San Vicente ou na casa do concello antes do 5 de decembro en persoa ou a través do correo electrónico snl@concellodabana.gal.
11. O xurado estará formado por persoas do ámbito da educación, da plástica e da lingua.
12. O fallo do xurado será inapelable. O xurado poderá declarar desertos algún dos premios se a calidade dos traballos non fose aceptable e valorará a orixinalidade, a creatividade e a calidade lingüística da felicitación incluída en galego.
13. A participación neste concurso supón a plena aceptación destas bases.